

**POEMANUARIOS
VERMELLOS**

3º ESO

2014-2015

O MEU 2014

Acábase este 2014
novas cousas aparecerán
así que vamos alá:
“Contigo” é a miña canción
que me sae do corazón
o libro de Flánagan mola
por iso “se merece una ola”.
Aquí presente estarei
e a película “Los juegos del hambre” verei
“La que se a vecina” é unha pasada
aínda que digan que non vale para nada.
A cor azul expresa emocións
con diversas razóns.
Amizades como os meus amigos non as hai
o que fai que sexa mais especial.

O animal preferido é o can:
paseas con el agarrado da man.
Gústame viaxar a Londres, é fascinante
e ver o Big Ben é impresionante.
O meu mellor momento foi o gol da ascensión
que, como non, foi con dedicación
o meu mes é agosto só para desfrutar
así, cando veñen as festas, a todo dar.
Campións de liga seremos
ou senón como dixo a selección : volveremos!
O meu ídolo é Messi, é un gusto velo xogar
non hai quen o free e non para de marcar.
O meu xogo favorito é o Black ops 2
que non paro de xogar ata acabar
Acabando despídome deste 2014
Coa miña frase: 1,2,3 Cabana eh!!!

SANTIAGO

Pasar as tardes de agosto
coas 3+1 no mar azul.
Chorar vendo 'Bajo la misma estrella',
e rir vendo 'La que se avecina'.
Espertar co can máis fermoso deste mundo,
lambéndome a cara.
Aproveitar a miña avoa,
convértese no mellor momento do día.
E, sen ser de conachadas, matar o tempo
escoitando Andrés Suárez,
e dicirche que ti es quen me parte á metade e
as dúas partes queren
marchar contigo.

CARLA

O MEU 2014

Comecei o ano,
está a punto de rematar,
comeceino a carón da familia,
sentindo o cariño deles.
Comezaba este ano,
non imaxinaba nada do que ía facer,
nada do que fixen,
pasei o inverno longo e frío,
pasei a floreada primavera
as coloridas tardes ata chegar o verán,
o verán... Este verán foi xenial!,
visitei lugares,
visitei a praia e a as súas areas,
fun ás festas cos compañeiros,
sempre facendo o que máis me apetecía nese momento,
desfrutando cada día,
e agora, voltamos ao inverno
a final deste ano,
un ano que non se volverá repetir.

SONIA

O mellor do verán:
Ao son de *Problem*, de Ariana Grande,
O mar turquesa,
vendo *chocofantasy*
El amanecer de los muertos,
“pos haber estudiao”,
Suricato,
15 días en La Rioja,
Patricia, Karim,
Diciembre,
Mets, Salcof,
María, Jose,
Teatro
Montaraces, la tierra del hielo,
Verán perfecto.

VÍCTOR

2K15

A miña canción favorita é *Virus*, transmite sensación de tranquilidade

O meu libro favorito é "*Tuerto maldito y enamorado*", libro elixido por Ana Aurora, que os elixe ben

A miña película favorita foi "*Interestelar*", ten moita acción

A miña serie de tv favorita é "The walking dead",
ten moita acción e irrealismo

A miña cor favorita é o azul, como os meus ollos

A miña frase favorita é: "El talento depende de la inspiración, pero el esfuerzo depende de cada uno"

O meu animal favorito é o can, xa que é o animal mais fiel ao home

A miña viaxe foi en Madrid cando fun a Gamergy

O meu momento foi cando gañei a Final Cup de PS4

O meu mes é Agosto, xa que é descanso e festa na vila

O meu momento foi marcar o gol da victoria nas redondas;

Gooooool, que fixo que gañásemos a liga da costa no último minuto

O meu maior logro foi ser eu mesmo sen que ninguén me cambie

Espero mellorar como persoa e pasar un ano mellor...

SAMUEL

LISTA DE COUSAS DO 2014

Escoitar na radio a adrenalina galega

ler “O diario vermello de Carlota”

ver a película “Pisando Fuerte”

ver o sábado “Os aspirantes”

desfrutar do azul do mar e do ceo

dicir: “eu que sei”

coñecer a miña amiga Leticia

mirar a beleza dos gatos

ir de viaxe ao Grove

ir de festa cos amigos

o meu mes favorito é en Agosto

o meu momento favorito é sempre agora

o meu plan para 2015: Vivir de vacacións!

ADRIÁN

Levade meu amigo a miña canción preferida: “Wings”

Levade meu amado o meu libro: “Tuerto, maldito y enamorado”

Xa que marchaches sen avisarme

Marchaches e sintome mal, igual que co final de “Interespacial”

Marchaches e sintome mal, igual que cando acabou a serie “Modern family”

Xa que marchaches sen avisame

Levade meu amado o meu libro preferido “Tuerto, maldito y enamorado”

Sen ti a cor amarela do son apágase

Xa que marchaches sen avisarme

Que pereza andar preocupada por ti
se marchaches sen avisarme despois do encontro na fonte dos cervos
Xa que marchaches sen avisarme
Menos mal que non estou soa, xa que teño a Victor
Mais ti, cervo que marchaches, que podías ser mellor un lobo
Xa que marchaches sen avisarme
Mais seguro que marchaches con outra cerva a Lisboa
Xuntos despois de pasar o mes de decembro
Xa que marchaches sen avisarme
Mais ese outono tan bonito cando nos vimos
Mais cando eu logrei que estiveramos xuntos
Xa que marchaches sen avisarme

ISABEL

LISTA DE COUSAS DO 2014

O meu can preferido

“Tocado y hundido”

O meu Agosto

Carpe diem

O meu descanso

vendo Los Simpson

“Los juegos del hambre”

Anjelina Jolie

“O diario vermello de Carlota”

O meu vermello

A miña amizade nova: Carla.

TITO

As miñas viaxes,
esas viaxes inesquecibles,
acompañadas de agarimos
que non sempre son benignos.

Amigas que veñen
e amigas que van.
Non vos preocupedes,
que as boas quedarán.

LEDICIA

Querer amigos e familia,
que sempre están aí,
pero se o corazón a prefire a ela,
non vou ser eu quen llo negue.
Bendito 2014,
que chegaches forte e poderoso,
cariñoso, chuvioso e fiable,
e, sen dúbida, inolvidable.
Cambioume a vida por completo
por cousas que non contarei,
esperando o día adecuado
para a ela coñecer.

Praia tras praia,
porto tras porto,
eu lárgome de aquí
que vou para a pista de esquí.
Festa tras festa,
sen cansarme de saír,
a ver se me chegan os dezaioito,
que seria un cambio para min.
Síntome orgulloso de min,
polo ano que tiven:
amigos, familia e unha persoa.
Grazas polo que recibín.

DANIEL

2014: COUSAS

Os ollos azuis do meu gato.
As bágoas do meu can.
O sol no verán.
A auga no inverno.
Os canciños correteando.
A auga fresca nos días de sol.
A praia coa calor.

JULIA